



Calendario de rexistro dos dominios .GAL de un e dous caracteres

A Asociación PuntoGal, xestora do dominio .gal, saca á venda os dominios de 1 e 2 caracteres, considerados dominios "premium", nun proceso no que as marcas, entidades ou persoas poderán solicitar o seu dominio de 1 ou 2 caracteres que inclúen tanto letras como números.

Do 13 xullo ao 14 de outubro (90 días): Fase de solicitude

A asignación de dominios na fase de Solicitude realizaranse de acordo cos seguintes criterios:

1. Primeira categoría: Solicitantes con vocación específica de fomento da lingua ou cultura galegas

Persoas xurídicas que teñen unha vocación específica na promoción da lingua ou cultura galegas, incluídas as administracións públicas con competencias no territorio galego, que rexistren : (i) os seus propios nomes (incluídas variacións ou abreviaturas claras destes); (ii) os seus servizos en liña; (iii) os mesmos nomes de dominios que rexistraran noutros TLD e usados de maneira eficaz.

2. Segunda categoría: Rexistro de marcas locais

Rexistro limitado a marcas comerciais con efecto na comunidade galega e indicacións xeográficas recoñecidas polas leis internacionais da Unión Europea, España e Galicia, dándolle prioridade as marcas locais da Galiza.

Do 15 de outubro ao 30 de outubro (15 días): Fase de revisión

Durante este período, a Asociación PuntoGal realizará unha revisión de todas as solicitudes recibidas e aprobará ou cancelará as solicitudes en base aos criterios establecidos, tendo en conta especialmente o uso que se lle vai dar ao dominio e que vai contar con contido. Comunicarase aos solicitantes a decisión dentro deste período de tempo.

A partir do 4 de novembro: Fase aberta

Durante esta fase, calquera usuario poderá rexistrar un nome de dominio con 1 o 2 caracteres aceptando as súas condicións específicas.

Condicións

- Estes dominios non teñen valor de protección de marca, é dicir, non se poden rexistrar e utilizar como Defensive (os DNS deben responder e ter contido).
- A Asociación PuntoGal poderá en calquera momento eliminar un dominio por un uso indebido.
- Ante unha reclamación no caso dos dominios rexistrados en fase aberta (marca, administración pública, membro da comunidade...) poderase cursar o conflito deste dominio tendo en conta os criterios establecidos na fase de solicitude.



Excepcións

Actualmente os seguintes dominios de 1 ou 2 caracteres están rexistrados ou bloqueados:

• a	• us
• i	• uc
• r	• uv
• ac	• 29
• lu	• as
• ou	• ir
• pt	• do
• pv	• ga
• eu	• m8
• gl	• ti
• gz	• xa
• xn	• xu
• xt	•

A Asociación PuntoGal reserva o dereito de modificar as condicións xerais en calquera momento.

Prezo

O prezo será superior ao prezo actual dun dominio .GAL tanto nas altas como nas renovacións. O prezo de alta por un ano será de 150 euros e os prezos de renovación a partir do primeiro ano serán de 150 euros.

Datas

- Período de solicitude: 13 de xullo de 2021(00:00 UTC) 14 de outubro de 2021 (23:59 UTC)
- Revisión do 15 outubro ao 30 de outubro
- Fase aberta: A partir do 4 de novembro de 2021 (13:00 UTC)

Procedemento

Os datos serán recollidos a través dunha solicitude dentro do panel cp.nic.gal feita polos rexistradores. Trala súa aprobación enviarase un correo ao solicitante e ao rexistrador que escollera, para informalos da liberación do dominio para o seu rexistro.

Os datos serán filtrados e tratados en consenso por un grupo de traballo formado polos membros da xunta directiva da Asociación PuntoGal.